
LISBOA

Texto e ilustracións de DAVID PINTOR

Encadernado en cartonné. 24,3 x 16,5 cm. 64 páx. 15 €.

ISBN 978-989-749-012-5. Libros para soñar.


Acordo nun hotel do Chiado. Amence.

*Asómome ao balcón e contemplo unha cidade branca
cuberta por un ceo azul intenso. Baixo á rúa e comezo a pasear
polas adoquinadas beirarrúas, alfombras de pedra
baixo os meus pés. Chego ata a praza do Rossío,
collo o tranvía 28 e subo á Alfama. Vou polas rúas dun barrio
que me resulta sempre familiar e os meus pasos
lévanme ata o miradoiro de Graça. Pido un café...*

Este caderno de viaxe de Lisboa é un libro de artista no que David Pintor plasma a súa fascinación pola cidade cunha trintena de debuxos que destacan pola súa frescura, a súa capacidade para amosar distintos espazos da capital -tanto os coñecidos como os menos populares nas guías turísticas- dende puntos de vista sorprendentes, introducindo elementos imaxinarios á vez que recolle a esencia da paisaxe e da identidade lisboeta: a luminosidade dos lugares, as rúas empedradas, o colorido dos tendais e dos azulexos, o ambiente acolledor das prazas, dos xardíns e das terrazas salpicados entre a arquitectura doméstica e monumental...

O autor fainos partícipes dun agradable paseo guiados por un alter-ego que se despraza en bicicleta. Ao seu arredor, habilmente acomodados, unha serie de figuras simbólicas: o tranvía e as sardiñas, que revoan en cada recuncho.

Deste xeito tan peculiar, os trazos desta obra son unha invitación a ver Lisboa con outros ollos, a coñecer a cidade, lembrala e volver a ela.



■ **Temática:** caderno de viaxe, libro de artista.

■ **Idade recomendada:** todas as idades.

■ **Aspectos destacables:** percorrido visual por distintos espazos da cidade de Lisboa, con elementos imaxinarios; historia, turismo, cultura; contén láminas extra; do autor do caderno de viaxe “Compostela” e das ilustracións de “Almanaque musical”, “Nicomedes o pelado” e “Contos para nenos que dormen deseguida”.

■ **Relación de espazos ilustrados:** Rua Correia Garção - Calçada da Estrela - Rua Eduardo Coelho - Café A Brasileira - Praça das Flores - Travessa da Arrochela - Largo da Academia Nacional de Belas Artes - Sé - Fundação Calouste Gulbenkian - Pavilhão de Portugal Expo 98 - Estação de Caminhos de Ferro do Rossio - Alfama - Miradoiro do Castelo de São Jorge - Rua da Regueira - Largo do Salvador - Chapatô - Miradoiro de Santa Luzía - Rua do Recolhimento - Rua das Escolas Gerais - Parreirinha de São Vicente - Rua Augusto Rosa - Largo de Santo Estêvão - Praça da Graça - Miradoiro da Graça.

David Pintor

(A Coruña, 1975)

Humorista gráfico, ilustrador e pintor. Dende 1993 pertence a Pinto&Chinto, que publican as súas viñetas en La Voz de Galicia. Foi finalista dos CJ Picture Book Awards (2011) e incluído na lista The White Ravens (2009, 2011 e 2014); seleccionado para expoñer a súa obra en varias edicións da Bienal de Ilustración de Bratislava e da Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Bolonia. Recibiu, entre outros, o premio da Society of News Design, o Premio Pura e Dora Vázquez de ilustración, o Premio Internacional Clermont-Ferrand de cadernos de viaxe, o Premio Ilustrador do Ano Città del Sol e o 2º Premio da Feira do Libro de Sharjah (Dubai) polas ilustracións de “Almanaque musical”.

<http://davidpintor.blogspot.com>.

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
